

DÍA MUNDIAL DA INFANCIA 2023

20 de novembro

O Día Mundial da Infancia celébrase o **20 de novembro**. Cúmprense 34 anos da aprobación da Convención sobre os Dereitos do Neno. Un día no que se pón en valor os logros acadados a favor dos dereitos dos nenos e as nenas, así como a súa participación activa na construción dun mundo mellor.

Nesta xornada non hai que esquecer que os nenos, nenas e adolescentes enfróntanse tamén a múltiples desafíos, como a violencia, a pobreza e as desigualdades incrementadas polas últimas crises socio-económicas, políticas e climáticas.

Os nenos, nenas e adolescentes deben estar presentes nas decisións a tomar no noso Concello porque:

1. Son o **9%** da nosa poboación.
2. Ademais de ser unha obriga derivada da Convención sobre os Dereitos do Neno, ter en conta aos nenos e nenas demostra ter unha visión a medio e longo prazo a nivel local.
3. Investir en infancia supón investir no futuro, reporta beneficios a toda a poboación: xera dinamismo, cohesión social e supón unha aposta polo noso.
4. Poden ser máis vulnerables á pobreza, á violencia e á explotación.
5. Desenvolver as políticas e investimentos necesarios, cun enfoque preventivo, evitando as posibles vulneracións dos seus dereitos e favorecendo o cumprimento dos mesmos.
6. Teñen dereito a ser escoitados e escoitadas e a participar en todos os asuntos que lles afecta.
7. É necesario promover a solidariedade interxeracional.

Desde o concello da Baña debemos comprometernos coa promoción dun maior e máis eficiente investimento na infancia para acadar os seguintes obxectivos:

- a. **Que cada neno, nena e adolescente sexa valorado/a, respectado/a e tratado/a xustamente**, facendo das entidades locais espazos socialmente inclusivos, que permitan impulsar as capacidades de nenos, nenas e adolescentes, que loiten contra a discriminación, que dispoñan de oportunidades para desenvolver todo o seu potencial, con independencia da súa idade, sexo, capacidades físicas ou mentais, orixe ou procedencia, ou situación económica, entre outros.
- b. As **necesidades e prioridades de cada neno, nena e adolescente** deben terse **en conta en todas as decisións que lles afectan**, incorporando a participación infantil e adolescente nas políticas locais de infancia e adolescencia.
- c. **Acceso a servizos esenciais de calidade. Todos os nenos, nenas e adolescentes vivan en contornas seguras, gocen dun medio ambiente limpo e sustentable.** Creando contornas protectoras con recursos e capacidades suficientes para garantir a protección de nenos, nenas e adolescentes ante situacións de risco e violencia.
- d. **Impulsar e promover os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes a nivel global.**